

Informe sobre o microtopónimo *O Souto da Casilla*

O Souto da Casilla, microtopónimo da parroquia de Trascastro, no Incio, referido a unhas terras arboradas, está formado polo galego *souto* ant. ‘bosque’, hoxe ‘terreo poboado por castiñeiros’, e a voz castelá *casilla*, que denomina unhas construcións con función de vivendas individuais para os *legoeiros* (castelán *peones camineros*), edificadas a partir da segunda metade do século XIX, cando se crea un corpo destes traballadores para a conservación e vixilancia das vías de comunicación.

No Nomenclátor de Galicia hai 19 entidades de poboación chamadas *A Casilla* ou que conteñen a palabra e dúas chamadas *As Casillas*. Todas fan referencia a estes elementos, polo que os topónimos non teñen máis de dous séculos.

Estes nomes de lugar son distintos ós denominados *(A) Casela / (As) Caselas*, patrimoniais galegos e moito máis antigos, algúns documentados xa na Idade Media.

